

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CiMUS), PARA O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO: "ESTUDO DE VECTORES SINTÉTICOS PARA A TRANSFECCIÓN DE CÉLULAS INMUNES"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e a Universidade de Santiago de Compostela, a través do CIMUS, formalizaron o 02/10/2024 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de catro anos, a contar desde o día seguinte á data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto materializar e regular a colaboración entre as partes para un proxecto de investigación titulado: "*Estudo de vectores sintéticos para a transfección de células inmunes*".

A finalidade do proxecto de investigación é o estudo non comercial e descriptivo no que se avaliará a capacidade de novos vectores sintéticos (nanopartículas) para a transfección/reprogamación de células inmunes humanas. O obxectivo principal é xerar coñecemento acerca da capacidade de novas nanopartículas de transfectar células humanas do sistema inmunitario, para a súa posterior aplicación en clínica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A promotora e investigador/a principal do proxecto é a Dra. M. A. F. profesora catedrática do Departamento de Biofarmacia e Tecnoloxía Farmacéutica da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Investigadora Principal (IP) do grupo "*Nanomedicine and drug delivery*" no Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS). O proxecto ao que se refire o convenio titúlase "*Estudo de vectores sintéticos para a transfección de células inmunes*", e conta co Ditame favorable do Comité de ética de Investigación Santiago – Lugo (CEI-SL), emitido o 20 de marzo de 2024

Para o desenvolvemento do proxecto o equipo de investigación precisa de mostras de sangue denominadas Buffy-Coats que facilitará ADOS. O denominado buffy coat é o concentrado plaquetario (capa leucocitaria) preparado a partires de capas leucocitarias procedentes de diversas unidades de sangue total.

Para o proxecto utilizaranse unicamente aqueles buffys coats remanentes que non se vaian a empregar na preparación de unidades de plaquetas procedentes de persoas doadoras que firmasen o consentimento informado de ADOS no momento da doazón.

Dado o carácter exploratorio do proxecto será un estudo totalmente anónimo sen manexo de datos persoais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde
(sinatura dixital na marxe)

José Ramón Parada Jorgal

